

Nota de prensa

O Colexio de Biólogos de Galicia (COBGA), con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente, mostra o seu compromiso efectivo cun planeta sin plásticos

Santiago, 4 de xuño de 2018.- O tema arredor do que se organiza este ano o Día Mundial do Medio Ambiente é **Sin Contaminación Por Plástico**, e quere interpelar á poboación de todo o mundo en favor dun planeta libre desta contaminación. Cada ano vértense nos océanos 8 millóns de toneladas de plástico, o que ameaza a vida mariña e humana, e destrúe os ecosistemas naturais. O obxectivo é concienciar sobre a necesidade de reducir a cantidade de plástico que termina nos nosos océanos.

Neste sentido, o COBGA xunto co Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia veñen desenvolvendo desde decembro pasado un proxecto denominado **“Rede para a recuperación dos ecosistemas mariños no Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia”**. Este proxecto conta coa colaboración da Fundación Biodiversidad, do Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, a través do programa Pleamar (convocatoria 2017) do Fondo Europeo Marítimo y de Pesca (FEMP), dentro dunha iniciativa enmarcada dentro do proxecto LIFE IP INTEMARES “Gestión integrada, innovadora y participativa de la Red natura 2000 en el medio marino español”. Desenvólvese no arquipélago de Sálvora (Ría de Arousa), tanto na súa superficie terrestre como mariña. O seu obxectivo principal é conservar a biodiversidade e os ecosistemas mariños desde a sostibilidade, integrando á poboación local mediante a maior participación posible do sector pesqueiro, individualmente ou a través dos Grupos de Acción Local de Pesca (GALP). Colaboran tamén investigadores das tres universidades galegas, centros de investigación, voluntarios de diversa procedencia, asociacións, etc.

Especificamente trátase de fomentar o coñecemento, xestión e conservación dos recursos mariños especialmente nas zonas protexidas conforme á Directiva Marco da Estratexia Mariña, recoller as artes de pesca perdidas e outros refugallos mariños, favorecer a participación dos pescadores na protección da biodiversidade e mellorar o estado de conservación e a capacidade de renovación dos recursos naturais.

A última acción levada a cabo con este motivo foi unha xornada de recollida e caracterización de lixo mariño o día 15 de maio nas praias da Illa de Sálvora na que participaron voluntarios da Asociación AMICOS, a Asociación Española de Basuras Marinas (AEBAM), os estudantes do Curso Superior en Innovación, Competitividad y Emprendimiento en torno al MAR (ICEMAR) e os alumnos do Centro de Capacitación Forestal de Lourizán.

O COBGA reitera a súa aposta por unha economía baseada no respecto polo ambiente e a sostibilidade como único medio de conservar a nosa casa común.

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

981 53 14 40